

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA E OS SETE COLEXIOS DE AVOGACÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA DURANTE O ANO 2023.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

No mencionado ámbito material, constitúe o obxectivo do presente convenio contribuír ao funcionamento do servizo de orientación xurídica (SOX) para os demandantes da asistencia xurídica gratuíta ante os colexios de avogados, no marco do recoñecemento deste dereito pola Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, concretamente nos artigos 6 e 22 da referida norma, e mais o Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Asistencia Xurídica Gratuíta de Galicia, coa previsión que a norma regulamentaria recolle nos seus artigos 28 e 45; todo isto co obxecto de procurarlle o acceso á xustiza a aqueles cidadáns que doutro xeito poderían ver diminuídos os seus dereitos por motivos económicos.

Antecedentes: O artigo 24 da nosa Constitución garántelles a todas as persoas o dereito fundamental a obteren a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, así como á defensa e á asistencia de letrado. Este dereito fundamental complementábase co disposto no artigo 119 da carta magna, onde se establece que a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei, e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar. En observancia deste básico dereito fundamental, no noso ordenamento xurídico existe regulamentado un sistema de compensación económica, a cargo dos poderes públicos, pola asistencia e representación xurídicas.

Neste marco, o Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que en relación coa Administración de xustiza correspóndelle á Comu-



nidade Autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñecen ou atribúen ao Goberno do Estado. Nesta cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza.

Por outra banda, a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, regula o dereito de asistencia xurídica gratuíta, e establece no seu artigo 38 que o Ministerio de Xustiza subvencionará os colexios de avogados para a implantación e funcionamento dos servizos de orientación xurídica. Para o caso de Galicia, polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, transferíronselle á Comunidade autónoma as funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, incluíndo no seu anexo letra B) núm. 1 c) as relativas á indemnización das actuacións correspondentes á defensa por avogado en quenda de oficio ante os órganos xudiciais con sede en Galicia, e a asistencia letrada ó detido ou preso cando o lugar de custodia estea situado en territorio da Comunidade autónoma. Estas funcións foron asumidas polo Decreto 394/1994, do 29 de decembro, e asignadas á Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, actualmente atribuídas á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Os sete colexios de avogados de Galicia son os encargados do funcionamento do devandito servizo de orientación xurídica, actuando o Consello da Avogacía Galega como entidade colaboradora coa Administración competente en materia de xustiza e cumprindo, deste xeito, o contido que as normas legais citadas sinalan en canto a organización e funcionamento do servizo de asistencia xurídica e a quenda de oficio.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Consello da Avogacía Galega e cos sete colexios de avogacía da Comunidade Autónoma de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2023.

O convenio ten un dobre obxecto: primeiro, establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello da Avogacía Galega, que exercerá como entidade colaboradora para a xestión e distribución dos fondos destinados a financiar o servizo de orientación xurídica ofrecido polos sete



colexios de avogados da Comunidade Autónoma de Galicia. E segundo, establecer a forma en que os beneficiarios da subvención recollida neste convenio, os sete colexios de avogados da Comunidade Autónoma de Galicia, deben xustificar os fondos percibidos e as súas obrigas para coa entidade colaboradora e a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Entendendo por servizo de orientación xurídica a prestación do asesoramento e orientación gratuítos previos ao proceso para as persoas que pretendan reclamar a tutela xudicial dos seus dereitos e intereses, no marco da Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta, e o Decreto da Xunta de Galicia 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o seu regulamento.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- O Consello da Avogacía Galega está conformado polos sete colexios de avogados de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago e Vigo) e o seu estatuto foi aprobado por Decreto 130/93, de 3 de xuño, da Consellería da Presidencia. A súa sede reside na Coruña, por ser o lugar no que ten a súa sede o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Entre as competencias máis salientables do Consello están:

- A coordinación da acción conxunta dos Colexios de avogados que o conforman.
 - As relacións cos órganos da Administración Autonómica especialmente coa Dirección Xeral de Xustiza.
 - O exercicio da potestade disciplinaria, mediante a resolución dos recursos de alzada interpostos contra os acordos dos colexios neste eido, ou a resolución, en primeira instancia, dos expedientes en materia disciplinaria que afecten a membros das xuntas de goberno dos colexios de avogados, excluído o decano (neste caso a competencia pertence ao Consejo General de la Abogacía Española)
- O Consello da Avogacía Galega procura do axeitado funcionamento do devandito servizo de orientación xurídica en todos os colexios de avogados que o integran, actuando como entidade colaboradora coa Administración competente en materia de xustiza e cumprindo, deste xeito, o contido que as normas legais citadas sinalan en canto a organización e funcionamento do servizo de asistencia xurídica e a quenda de oficio.

Financiamento: Co fin de financiar os gastos relativos ao funcionamento do servizo de orientación gratuíta a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiará ao Consello da Avogacía Galega, que actuará como entidade colaboradora, ata un importe máximo de **CENTO CORENTA E CINCO MIL (145.000,00 €)**, que será librada ao



devandito consello, no momento da firma do convenio e que non se integrará no seu patrimonio, previa a xustificación sinalada na cláusula segunda.

O Consello da Avogacía Galega acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, na que se detalle os gastos mediante os documentos acreditativos sinalado na cláusula segunda

Con anterioridade ao libramento dos fondos, e segundo establece o artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, os sete colexios de avogacía presentarán unha declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución– para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes. Á vista desta documentación, o órgano competente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia antes citada.

O Consello da Avogacía Galega distribuirá a correspondente subvención entre os sete colexios que o integran. Os Colexios de Avogados xustificarán ante o Consello o emprego dos fondos que lle foron asignados, mediante facturas e documentos acreditativos de seu pagamento. Todo iso será remitido á Dirección Xeral de Xustiza. Unha vez realizada a actividade obxecto deste convenio, e xustificados os gastos, o Consello da Avogacía Galega deberá acreditar ante a Dirección Xeral de Xustiza a entrega dos fondos aos beneficiarios, e no suposto de existir remanentes de fondos non distribuídos, deberán ser devoltos antes do 27 de decembro de 2023 (art.13.2.i) da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Director Xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela

CVE: vGSivHCL0Vw0
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

